



https://www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Tratamento farmacolóxico

Versión de 2016

12. Micofenolato de mofetilo

12.1 Descrición

Nalgunhas enfermidades reumáticas pediátricas, parte do sistema inmune atópase excesivamente activado. O micofenolato de mofetilo inhibe a proliferación dos linfocitos B e T (estes son glóbulos brancos específicos). Noutras palabras, diminúe a velocidade de desenvolvemento dalgunhas células activas do sistema inmune. Por tanto, a eficacia do micofenolato de mofetilo débese á súa inhibición e iníciase tras algunhas semanas.

12.2 Dose/formas de administración

O fármaco pode administrarse en forma de comprimidos ou en po para solución de 1 a 3 g por día. Recoméndase que o micofenolato de mofetilo se administre entre as comidas, xa que a inxestión de alimentos pode diminuír a absorción deste fármaco. Se se salta unha dose, o paciente non debe tomar unha dose dobre na seguinte toma. O produto debe conservarse no seu envase orixinal e perfectamente pechado. De forma ideal, as concentracións do fármaco deben determinarse mediante a análise de diversas mostras de sangue recollidas o mesmo día a diferentes horas. Isto permite o axuste adecuado da dose nun paciente en concreto.

12.3 Efectos secundarios

O efecto secundario máis frecuente son as molestias gastrointestinais, observadas entre o 10 e o 30 % dos casos, especialmente ao comezo

do tratamento. Pode aparecer diarrea, náuseas, vómitos ou estrinximento. Se estes efectos secundarios persisten, pode considerarse reducir a dose ou o cambio a un produto similar (myfortic). O fármaco podería producir un descenso nos glóbulos brancos ou as plaquetas, polo que isto debe controlarse de forma mensual. A administración do fármaco debe interromperse temporalmente en caso de descenso dos glóbulos brancos ou das plaquetas.

O fármaco pode incrementar o risco de infeccións. Os fármacos que reducen a actividade do sistema inmune poden dar lugar a unha resposta anómala ás vacinas atenuadas. Por tanto, recoméndase que o seu fillo non reciba vacinas atenuadas, como a vacina contra o sarampelo. Consulte cun médico antes da administración da vacina e antes de viaxar ao estranxeiro. Debe evitarse o embarazo durante o tratamento con micofenolato de mofetilo.

As exploracións clínicas regulares (mensualmente), así como os controis analíticos de sangue e oriniños, son necesarios para detectar e responder aos posibles efectos secundarios.

12.4 Indicacións para as principais enfermidades reumáticas pediátricas

Lupus Eritematoso Sistémico xuvenil.